



## CALENDARIO PARA A TRAMITACIÓN DE NOVAS PROPOSTAS E MODIFICACIÓNS SUBSTANCIAIS DE TITULACIÓNS DE GRAO E MÁSTER OFICIAIS PARA A SÚA IMPLANTACIÓN NO CURSO 2026/27

O Real decreto 822/2021, de 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade (<https://www.boe.es/buscar/pdf/2021/BOE-A-2021-15781-consolidado.pdf>), establece nos artigos 26, 32 e 33 o **procedemento que deben seguir as universidades para a verificación e a modificación substancial de plans de estudos de ensinanzas oficiais de grao e máster**.

O **procedemento para a solicitude de modificacións nos títulos verificados de grao e máster** da ACSUG ([http://www.acsug.es/sites/default/files/Guia%20Modificacion%20G-M\\_Marzo-2023\\_Publicacion\\_web.pdf](http://www.acsug.es/sites/default/files/Guia%20Modificacion%20G-M_Marzo-2023_Publicacion_web.pdf)) determina que modificacións da memoria de verificación dos títulos de grao e máster poden considerarse como substanciais. Ademais, establece que se a proposta de modificación presentada supón, a xuízo das comisións de avaliación de ACSUG, un cambio que requira o deseño dun novo título, a Axencia emitirá informe en que insta á verificación dunha nova titulación.

O **procedemento na UDC para a modificación substancial de títulos de grao e máster impartidos na UDC** aprobado por Consello de Goberno o 1 de outubro de 2024 establece os pasos que deben seguir os **centros, estean ou non acreditados institucionalmente**.

### Observacións para ter en conta

As propostas de novas titulacións de ensinanzas oficiais de grao ou máster, así como as modificacións substanciais de títulos verificados, tramitaranse seguindo os prazos previstos no calendario de novas propostas e modificacións substanciais de grao e máster para a súa implantación no curso 2026/27, que figura a continuación.

As memorias de verificación das propostas deberán acompañarse, seguindo a Orde do 20 de marzo de 2012 da Xunta de Galicia ([https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2012/20120329/AnuncioG0164-220312-13863\\_es.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2012/20120329/AnuncioG0164-220312-13863_es.html)), da memoria xustificativa dos requisitos, da memoria económica e, de ser o caso, dos convenios de participación. Estas memorias deberán deixar constancia da realización de estudos de demanda, participación dos grupos de interese na elaboración da proposta, oportunidade estratéxica formativa, de especialización ou socioeconómica, a non existencia de oferta similar na UDC ou no SUG, e calquera outra evidencia ou estudo que xustifique a implantación da nova proposta. No caso de modificación achegárase, ademais, un documento de texto cos cambios introducidos no título.

As memorias de verificación dos títulos, tanto as novas propostas como as modificacións, deberán ser incorporadas á plataforma da sede electrónica do Ministerio polo centro solicitante, unha vez que se reciba o informe favorable de necesidade e viabilidade académica e social da Secretaría Xeral de Universidades. O/A decano/a ou o director/a do centro implicado/a e máis o/a solicitante designado/a polo centro daranse de alta na sede electrónica do Ministerio (<https://sede.educacion.gob.es/tramite/login/plogin.jjsp>) e comunicarán os nomes a esta vicerreitoría para a asignación de roles. A Vicerreitoría dará as instrucións oportunas para acceder e cubrir a memoria na sede electrónica do MEFPD.

As novas propostas de verificación ou modificacións que non sexan solicitadas nos prazos indicados a continuación non se tramitarán ata o curso seguinte.

## CALENDARIO DE NOVAS PROPOSTAS E MODIFICACIÓNS SUBSTANCIAIS DE GRAO E MÁSTER PARA A SÚA IMPLANTACIÓN NO CURSO 2026/27(\*)

Data límite	Órgano responsable	Actividades que cómpre realizar	Observacións
15 de novembro de 2024	Xunta de centro (XC)	Aprobación da declaración de intencións de presentación do grao/máster, acompañada da composición da comisión redactora da memoria.  Remisión a VTI e difusión á comunidade universitaria.	Á declaración de intencións anexarase o acordo da XC, que estará certificado pola/o secretaria/o académica/o do centro.
Novembro de 2024	Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización (VTI)	Aprobación das declaracións de intencións en Consello de Goberno.  Resposta aos decanatos/direccións de centros sobre a declaración de intencións.	A comunicación aos centros realizarase por correo electrónico.
28 de febreiro de 2025	Xunta de centro (XC)	Aprobación da memoria de verificación, da memoria xustificativa dos requisitos e da memoria económica.  Remisión a VTI para inicio da súa exposición pública e presentación de alegacións ante a XC.	Á documentación remitida anexarase o acordo da XF, que estará certificado pola/o secretaria/o académica/o do centro.  No caso de modificacións substanciais enviarase o informe do SIGC do centro.  O período de exposición pública será do 5 ao 21 de marzo de 2025.
7 de abril de 2025	Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización (VTI)	Revisión da memoria de verificación inicial e remisión de informes técnicos.	Os informes técnicos serán elaborados polo Servizo de Organización Académica (SOA) e pola Unidade Técnica de Calidade (UTC) en coordinación coa VTI

25 de abril de 2025	Xunta de centro (XC)	Elaboración de resposta ás alegacións presentadas e aprobación da proposta definitiva das memorias de verificación, xustificativa e económica. Remisión á VTI.	Á documentación remitida anexarase o acordo da XF, que estará certificado pola/o secretaria/o académica/o do centro.
12-16 de maio de 2025	Comisión de Plans de Estudos	Pronunciamento e informe sobre as propostas.	Os convenios de titulacións interuniversitarias deberán ser asinados por todas as universidades participantes antes da aprobación das titulacións polo Consello de Goberno. O proceso de sinatura será iniciado e xestionado pola universidade coordinadora.
26-30 de maio de 2025	Consello de Goberno / Consello Social	Aprobación dos títulos polo Consello de Goberno e Consello Social da UDC.	
2 de xuño de 2025	Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización (VTI)	Remisión á Secretaría Xeral de Universidades (SXU).	
Xullo de 2025	Responsable do título / VTI	Incorporación das memorias dos títulos aprobados na sede electrónica e remisión da documentación ao MECD.	Obtido o informe favorable de envío a verificación por parte da SXU, iniciarase o proceso de incorporación da memoria de verificación á sede electrónica do Ministerio.

**(\*) No caso das titulacións interuniversitarias a coordinación na UDC debe garantir que toda a documentación remitida á VTI (declaración de intencións e memorias) é coincidente coa tramitada pola universidade responsable do título.**